

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 31 de xaneiro de 2014**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 31 de xaneiro de 2014, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

***Declaración institucional**

Actas

1.-Aprobación das actas das sesións anteriores, ordinaria nº 12/13, do 20 de decembro e extraordinaria nº 13/13, do 26 de decembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.401 á nº 25.139, de 2013 e da nº 1 a nº 600, de 2014.

3.-Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representantes da Deputación en varios organismos.

Comisión de Cooperación de Asistencia aos Concellos

4.-Resolución das alegacións presentadas á aprobación das bases reguladoras do Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os concellos.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

5.-Corrección de erro material no orzamento do convenio coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para financiar o “XI encontro de embarcacións tradicionais de Galicia”.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

6.-Informe-resumo das actuacións do Plan de control financeiro sobre as subvencións pagadas no exercicio 2011 e proposta do Plan de control financeiro para as subvencións pagadas no exercicio 2012.

7.-Tomar coñecemento da liquidación do Presuposto da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2013.

8.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao cuarto trimestre de 2013, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

9.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2014.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

10.-Aprobación da corrección da omisión contida no clausulado do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios de Ribeira para financiar o proxecto da pista de xeo, aprobado polo Pleno do 26-12-2013, no que por erro material de transcripción na certificación do ditame acordado na Comisión informativa de Contratación, Patrimonio e Equipamento extraordinaria e urxente, celebrada o 20-12-2013, non foron reproducidas as cláusulas XI (parcialmente, XII, XIII e XIV).

11.-Aprobación definitiva do expediente de alteración do cambio de cualificación do edificio denominado Cine Elma na Pobra do Caramiñal e aprobación definitiva do expediente de cesión de titularidade.

12.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **Malpica de Bergantiños** para a XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Socialista relativa aos cursos de formación para estudantes da especialidade marítimo-pesqueira da Universidade Laboral de Culleredo.

-Moción do Grupo Socialista sobre a recuperación do espazo da antiga vía do tren e creación da senda verde.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 31 DE XANEIRO DE 2014

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 31 de xaneiro de 2014, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Temos unha declaración institucional, que me parece que xa foi hoxe consensuada, e polo tanto o que faremos é darlle lectura ao comezo e en consecuencia, consultado o portavoz do Partido Socialista, entendemos retirada a moción presentada que deu lugar a esta declaración institucional.

Sr. Secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Os grupos políticos con representación no Pleno da Deputación da Coruña (PP, PSdeG e BNG) presentan a seguinte **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

Na actualidade, no IES Universidade Laboral véñense impartindo ciclos formativos de grao medio (técnico en navegación e pesca de litoral e o de técnico en operación, control, mantemento de máquinas e instalacións do buque) e un ciclo formativo de grao superior (técnico en transporte marítimo e pesca de altura e o de técnico superior en supervisión, control de máquinas e instalacións do buque).

Hai matriculados algo máis de 150 alumnos, polo que a formación do sector do mar na nosa comarca require dunha atención axeitada.

Os títulos dos estudos que moitos dos nosos mozos/as optan por facer no ámbito do mar e que expide a Consellería de Educación, non habilitan para poder exercer a profesión se non van acompañados da preceptiva formación complementaria que esixe a Mariña Mercante Española: o curso Avanzado de formación sanitaria específica, curso Avanzado de loita contra incendios, curso Avanzado de botes de rescate non rápidos, de Operador xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítimos (GMDSS) e o curso de Radar de Punteo Automático (ARPA).

Estes cursos, obrigatorios e necesarios para poder enrolarse nunha embarcación e exercer o cargo para o cal os alumnos/as estudaron e se formaron durante dous anos, actualmente non se están ofertando dentro do programa de ciclos de formación profesional do IES Universidade Laboral.

Este feito obriga o alumnado a acudir a entidades privadas para poder realizalos, o que leva aparelado un elevado custe económico (1000€ - 1500€ curso), motivo que en moitos casos imposibilita que os nosos mozos/as os poidan cursar.

Isto contrasta co feito de que na Escola Oficial Náutico-Pesqueira do Atlántico (Vigo) e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol se ofertan moitos deles de xeito gratuíto, o que supón unha discriminación cara o alumnado da nosa Universidade Laboral e unha perda de competitividade desta fronte aos outros centros públicos galegos.

Dada a sensibilidade desta Deputación por garantir a igualdade de dereitos para toda a sociedade, instamos ao Goberno galego para que adopte as medidas necesarias para que ***o alumnado da especialidade Marítimo-Pesqueira do IES Universidade Laboral poida cursar os cursos de: Avanzado de formación sanitaria específica, Avanzado de loita contra incendios, Avanzado de botes de rescate non rápidos, Operador xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítimos (GMDSS)***, dándolles así as mesmas oportunidades que aos que estudan nas outras Escolas Náutico-Pesqueiras de Galicia.

Así mesmo, sumámonos á petición para que se adapte ***o campo de fogo do IES Universidade Laboral*** para que o alumnado poida recibir os cursos de loita contra incendios imprescindibles para enrolarse nunha embarcación e acceder ao posto laboral para o que se están formando durante dous anos.

Finalmente, pedimos á Xunta que se estude a posibilidade de asinar un convenio ***coa Universidade da Coruña para o uso dos medios tecnolóxicos da Escola Superior de Náutica para poder recibir os cursos de Operador de GMDSS*** aproveitando os recursos materiais existentes e facilitando a formación dos futuros profesionais que se forman no IES Universidade Laboral.

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, ORDINARIA Nº 12/13, DO 20 DE DECEMBRO E EXTRAORDINARIA Nº 13/13, DO 26 DE DECEMBRO.

Apróbanse as actas das sesións anteriores, ordinaria nº 12/13, do 20 de decembro e extraordinaria nº 13/13, do 26 de decembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 23.401 Á Nº 25.139, DE 2013 E DA Nº 1 A Nº 600, DE 2014.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.401 á nº 25.139, de 2013 e da nº 1 á nº 600, de 2014.

3.-NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN VARIOS ORGANISMOS.

Por unanimidade, apróbase a ratificación da inclusión deste punto na orde do día e apróbase tamén por unanimidade o seguinte:

“Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao presidente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b).

Resultando que algún dos deputados nomeados polo Pleno para representar á Deputación en diferentes organismos renunciaron ao seu cargo de deputados provinciais polo que, derivadamente, quedaron sen efecto os nomeamentos plenarios de representación, que convén actualizar paulatinamente,

En consecuencia, por unanimidade, o Pleno acorda:

1º.-Ratificar a inclusión da proposición na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico.

2º.-Nomear representantes da Corporación aos deputados que se indica nos organismos que a seguir se relacionan:

CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES

Don Antonio Pensado Plágaro.

CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA

Don Antonio Pensado Plágaro.

FUNDACIÓN GALICIA - EUROPA

Don Ramón Tojo Lens

FUNDACIÓN TORRENTE BALLESTER

Don Manuel Costa Carneiro

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCA BERGANTIÑOS

Don Antonio Pensado Plágaro.

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCA ORDES

Don José Dafonte Varela.

XUNTA DISTRIBUIDORA DE HERDANZAS DO ESTADO

Don Manuel Costa Carneiro

Os deputados nomeados polo presente acordo informarán sobre o funcionamento dos organismos nos que participan en representación da Deputación,

así como sobre a súa propia actividade no seo destes, sempre que sexan requiridos polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico”.

4.-RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.

INTERVENCIONS

Sr. Requeira Varela

En anteriores plenos falábamnos de que este Grupo político alegrábase de que a Deputación considerara oportuno aprobar un Plan para os concellos da provincia, o que xa non estábamos tan de acordo, nin estábamos tan a favor é de que os criterios de reparto do investimento dese plan se faga como se fai, e propuñamos no seu momento que se fixera cuns criterios semellantes ou os mesmos do Plan de obras e servizos. Cada vez que falamos aquí do papel das deputacións, o Partido Popular sempre argumenta que as deputacións están chamadas a ser instrumentos de cooperación para que os concellos de menor dimensión, é dicir, os concellos de menos de 20.000 habitantes, na súa maior parte situados no medio rural, poidan acometer as súas competencias e atender as necesidades da cidadanía. Existen numerosos exemplos de que este cometido, con plans como este, non se pode cumprir. Nós cremos que nas bases reguladoras deste Plan Unha deputación para todos os concellos, o DTC 93, recóllense uns criterios que desequilibran territorialmente aos municipios da provincia da Coruña, porque curiosamente se lles asigna un maior peso á poboación e á superficie. Eses criterios de ponderación entran en clara contradición, por exemplo, cos que se establecen para o Plan de obras e servizos que mencionábamos anteriormente, que se calcula mediante a aplicación de variables que responden a criterios equitativos e obxectivos, consonte ao artigo 36.2 da Lei de bases de réxime local. Así pondéranse criterios como número de parroquias, e que se trate de poboación rural. Coa aplicación dos criterios establecidos para este plan, os resultados de financiamento que lles corresponden a cada concello son unha auténtica distorsión desde o punto de vista dos supostos cometidos da Deputación, resultando claramente favorecidas as cidades e os grandes concellos, fronte a aqueles outros con maiores necesidades de colaboración provincial. Estamos pois, e así o consideramos, e pedimos que repensen eses criterios, ante uns criterios de reparto que benefician moi especialmente ás cidades en detrimento dos pequenos e medianos concellos, primando porcentualmente en demasía aqueles en que é maior o peso que ten a poboación.

En todo caso isto non é simplemente literatura, podemos coller os cadros de datos e as cantidades económicas e o cadro, a fotografía resultante, é ben rechamante. Neste plan, cos criterios que en principio se propuxeron, hai vinte e dous concellos no global dos noventa e tres da provincia que aumentan as súas achegas, as tres cidades e dezanove concellos máis. Dos dous millóns de aumento neto dos concellos que soben as achegas, dos dous millóns, un millón case oitocentos mil lévano as tres grandes cidades, e o resto dos dezanove concellos aumentan escasamente trescentos mil euros. E se collemos cidade por cidade, a cidade que máis aumenta, comparándoa co POS, por exemplo, no POS corresponderíanlle 124.000 euros e con

este plan levaríase 1.277.000 euros, é a cidade da Coruña. Pola contra, concellos como Narón descende case o 40%, Oleiros o 36%, Ribeira o 36%, Carballo o 34%, Cambre o 34%, Ames o 33%, Culleredo o 32%, Teo o 31%, e así poderíamos seguir con moitísimos outros concellos.

Nós consideramos que este reparto non obedece a algo que vostedes repiten continuamente, que as deputacións teñen que estar para satisfacer as necesidades que teñen os pequenos concellos, pero si vemos tamén o informe de Intervención que desestima as alegacións, e que consideramos que as desestima sen ningún problema, porque nós non estamos falando nin de que este plan non teña criterios obxectivos, nin que non sexa transparente, criterios obxectivos ten, o obxectivo principal é beneficiar claramente ás cidades, pero imos ver, se imos ao informe de Intervención no seu punto catro, despois de desestimar, o que di é unha cousa que é o que nós estamos pedindo xustamente: “Non obstante, en consonancia co preceptuado no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 101, 109 e 110 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, a Deputación debería orientar as súas actuacións aos municipios de menor capacidade económica”. Nós consideramos, evidentemente, que aquí o que se está dicindo é que as cidades realmente son os municipios con maior capacidade económica da provincia, e que o que hai que atender prioritariamente son os pequenos concellos. Pero tamén nos imos referir ás que son as fins propias e específicas da provincia e das deputacións provinciais, que son garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais no marco da política económica e social, e di: “Son competencias propias das deputacións provinciais, en calquera caso, as seguintes: a) coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos en todo o territorio da provincia, cooperando especialmente cos municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes para garantir a súa efectividade; b) prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica de xestión.” Eu creo que con todo iso, e con acordos incluso aos que chegamos por unanimidade nesta mesma sala, eu considero, e este Grupo considera que se deberían de variar os criterios de reparto.

Noutras etapas, na anterior etapa de goberno, do bipartito PSOE-BNG, unha área de goberno do BNG sacou un plan, algo que curiosamente, diferentes grupos municipais do Partido Popular en contestación á moción do BNG en diferentes concellos, ese plan non o recordan, pero podemos falar do Plan de cooperación cos concellos 2008-2011, se non recordo mal, que tiña unha achega provincial de 40 millóns de euros, que tiña tamén criterios obxectivos, e era transparente, por suposto, era un plan destinado exclusivamente aos concellos que nós entendemos que necesitan máis apoio provincial mentres existan as deputacións, e que vostedes, polo que din aquí noutros plenos, tamén, entón, que era destinado a concellos de menos de 20.000.

Polo tanto, nós o que estamos solicitando é, primeiro que se valoren estes criterios de reparto, segundo, pedirllas coherencia co que vostedes expresan aquí unha e outra vez cando, por unha ou outra razón, debatemos sobre as deputacións provinciais ou a reforma local, e terceiro que tamén sexan coherentes co que aproban en ámbitos como a Federación Galega de Municipios, que é que debemos priorizar xustamente o investimento nos pequenos concellos. Polo tanto, nós chegamos aquí

coa expectativa de que se valore positivamente o que nós pedimos, xa digo, valoramos positivamente que se faga este plan, valoraríamos positivamente e moi positivamente, e cremos que é de xustiza, que se varíe o criterio de poboación e de territorio e que se miren criterios, como os do POS ou semellantes, que prioricen o investimento nos concellos que máis o precisan, e que neste caso son os concellos que saen máis prexudicados das bases deste DTC 93.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, os criterios que se utilizan actualmente na Deputación provincial para a distribución dos fondos do Plan de obras e servizos foron aprobados no ano 89 ou 90, xa choveu desde aquela, e foron aprobados polo Sr. Arufe, que era alcalde de Santa Comba, deputado provincial e presidente da Comisión de Cooperación. Desde entón, desde o ano 89-90, viñéronse utilizando estes criterios sen ningún tipo de problema para a distribución de fondos da Deputación con ningún concello da provincia. Non quere isto dicir que estes criterios sexan perennes e inmutables, pois a aprobación duns criterios ou outros é unha decisión política que corresponde ao Pleno da Deputación, e poden ser uns como poden ser outros, e pódese facer en calquera momento. Non cabe dúbida de que a súa modificación non implica que todos gañen, este é un xogo de suma cero, o que gañan uns é o que perden os outros, é dicir, unha modificación beneficia a uns concellos, calquera modificación beneficia a uns concellos, e vai prexudicar a outros concellos. Neste caso, esta modificación que se utiliza na distribución dos fondos para o DTC94 beneficia ás grandes cidades, beneficia á Coruña, a Santiago e a Ferrol, e prexudica aos concellos pequenos e medianos, xustamente a aqueles que debería de favorecer á Deputación, tal e como establece a Lei de bases do réxime local, que di que a axuda da Deputación debe destinarse fundamentalmente, especialmente, aos concellos de menor capacidade económica e de xestión. Cal era a característica esencial dos criterios do POS aprobados no ano 89-90 e que se manteñen vixentes aínda agora para a distribución de fondos do POS nesta Deputación?, que se fixeron de forma consensuada, que se fixeron negociando cos grupos políticos da Deputación, porque estas son cuestións que deben de prevalecer no tempo e deben de sobrepasar a acción dun goberno, son cuestións que teñen que ter continuidade no tempo, e a forma de que teñan continuidade é buscar o consenso e buscar o acordo de todas as forzas políticas para que, governe un ou governe outro, se manteñan eses criterios.

Os que hoxe se nos presentan agora para o DTC son unha imposición, teñen vostedes a maioría e teñen a capacidade legal para facer o que fan, pero entendemos que non é oportuno, nin desde logo é razoable, nin desde logo non os consideramos xustos, porque cremos, Sr. Presidente, que isto debería de abordarse desde outra forma, buscando a unanimidade, para darlle continuidade no tempo a estes criterios. Non cabe dúbida que desde o ano 89 ou 90 moitas cousas cambiaron nos concellos, as parroquias dispoñen xa de máis e de mellores servizos e están mellor comunicadas, e o esforzo fiscal, que no ano 89 soaba a chino a moitos concellos, hoxe xa o teñen asumido todos os concellos que saben que para que un reciba unha axuda, primeiro ten que esforzarse e axudarse un mesmo, e ven ademais como discriminatorio que se axude máis a aqueles que menos esforzos fan. Quere isto dicir que nada é inmutable, que todo se pode modificar, pero cando se modifique debería de ser para beneficiar, non ás grandes cidades, senón para beneficiar

fundamentalmente aos pequenos e medianos concellos, que é isto xustamente o que fan coa súa proposta, e o que fai que o noso voto teña que ser negativo a este ditame. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas, neste caso intervirei eu, e era para aclarar un par de cousas. En primeiro lugar, eu creo que se perde de referencia, intencionadamente por suposto, de que estamos falando dun Plan complementario do POS. O POS, como di o Sr. Moreda, que ten unha memoria histórica moito máis ampla ca miña, loxicamente, os criterios do POS foron consecuencia dunha moción de censura no seu momento, non houbo tal consenso, senón que foron máis ben unha imposición no seu momento, pero é igual, é igual, estiveron aí durante anos, seguíronse mantendo e na lexislatura actual tamén se manteñen eses criterios do POS, veremos se para o POS do ano 2015 temos que introducir novidades, fundamentalmente impostas pola referencia, parece que legal, ao custo efectivo dos servizos, pero iso deixáremolo para o ano 2015. No 2014 séguense mantendo os mesmos criterios, pero esta Deputación, á que intentan trasladar unha crítica a través de mocións presentadas en distintos concellos, fai cousas máis importantes. Primeiro porque mantén un POS de vinte e catro millóns de euros integramente, ata o de agora a achega da Deputación, e sábeo vostede e o Sr. Moreda, era pouco máis de vinte millóns, pero nesta lexislatura o Estado non achegaba a súa parte e a Deputación quixo seguir achegando para que os concellos non visen reducida a súa achega que recibían a través do POS.

Introducimos melloras ao longo desta lexislatura importantísimas para todos os concellos, os que estades aquí sentados sabédelo moi ben, non hai que facer achega municipal, pódese destinar a gasto corrente, incrementouse o límite para achegar a gasto corrente, e sempre pensando no beneficio de todos os concellos. Claro, esta forma de actuar non é a mesma que outras deputacións, é certo, na do seu xefe, onde gobernan con aqueles, o POS ten 900.000 euros, na Deputación da Coruña 24 millóns, é unha diferenza de 23 millóns, porcentualmente non o calculei pero debe de saír extraordinaria, extraordinaria a diferenza que hai entre o que unha Deputación gobernada polo PP, no caso da Coruña, fai polos concellos, e outra Deputación gobernada polo Bloque e o PSOE, fan polos concellos. Pero é que adicionalmente nós facemos un Plan adicional, adicional, que era unha condición do Grupo Nacionalista para apoiar os orzamentos desta Deputación naquel momento, ben, facemos un plan adicional, e cando facemos un plan adicional, que ocorre?, que non lle gustan os criterios porque os cambiamos, non, non cambiamos os criterios, cambiamos o peso relativo dos criterios, entón podo entender que non lle gusten, faltaría máis, pero dicir o que din, non é certo, primeiro porque ten que dar conta, e neses porcentaxes que vostedes están a dicir en distintos sitios, en distintos concellos, non teñen en conta a redución do orzamento do DTC con respecto ao POS, o POS ten 24 millóns de euros, o DTC, 18, por iso nesa redución ten que aplicar vostede, corrixir ese 25% menos, eu teño os datos, se os quere, pásollos ao final para que os teñan, e sobre todo para que non sigan dando datos incorrectos. E di o portavoz do Grupo Socialista “e que aumenta...”, e efectivamente estou de acordo con vostede en que cando hai unha modificación, ben sexa no peso relativo dos criterios establecidos, ou ben introducindo un novo criterio, hai efectos, cara arriba ou cara abaixo, en todos os concellos, pero o que está claro é que os efectos que se

producen aquí son efectos que se producen nos 93 concellos, e as diferenzas non son as que din.

Mire vostede, a lei non determina, nin di, como dixo o portavoz do BNG, que unicamente se ten que dar ou prestar axuda aos concellos máis pequenos, non é certo, di especialmente, non unicamente, especialmente, claro, pero especialmente non é unicamente, ademais di, non aos máis pequenos, di aos de menor capacidade económica, sabe vostede cal é o concello que ten máis capacidade económica da Coruña?, As Somozas, probablemente sexa un dos catro ou cinco máis pequenos, si, vostede deberían de saber que é veciño, ten maior capacidade económica o concello, porque a capacidade económica non é o orzamento dispoñible, ou o orzamento que aproban en cada lexislatura, iso é distinto, o que pasa é que, claro, non se fala ou non se quere falar, ou non se quere dicir.

Di vostede o peso relativo, mire, a cidade da Coruña recibe no DTC 5 euros por cada habitante, 5,19, 5 euros por cada habitante, o Concello da Capela, gobernado polo Partido Socialista, recibe 75 euros por cada habitante, 75 euros contra 5, normal, si, e agora quéreme vostede dicir que iso non é suficiente, vostedes o que queren é que haxa unha maior discriminación, ben, pois nese debate poderíamos entrar cando queiran vostedes, pero non me poden negar que existe unha discriminación claramente positiva cara os concellos menos habitados, porque A Capela, que lle digo exactamente a poboación que ten agora mesmo, porque non quero mentir, 1.366 habitantes, recibe 75 euros por habitante, os mesmos que Santiso, gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, 75 euros por habitante, e A Coruña, 5, claro, a discriminación ten que ser maior?, poderíamos discutilo, pero dende logo, o que non poden é intentar trasladar unha opinión ou unha visión que, desde logo, non se corresponde coa realidade, 75-5, e iso está aí, divida vostede entre habitantes, é moi fácil, pásolle a folla de cálculo para que a vexa. Polo tanto, cando estamos criticando isto o que estamos dicindo primeiro é, non, é que non hai criterios obxectivos, si, aquí si os hai, onde non os hai é o no Plan de emprego da Deputación da Lugo, que deixaron a 55 dos 67 concellos fóra, aquí no Plan de emprego, sabe cuántos entran?, os 93, os 93, entran todos, onde vostedes gobernan deixan fóra a 55 de 67, claro, aí terán que explicar que é o que fan. Eu, desde logo non lle vou pedir explicacións á Deputación de Lugo, pero desde logo tampouco vou permitir que se traslade unha opción, ou unha posición política que non é certa, 75 en Santiso, onde gobernan vostedes, contra 5 na Coruña.

E hai outro criterio adicional. O POS é un Plan de obras e servizos, que ademais permite que se invista ata o 60% deste en gasto corrente, polo tanto, estase axudando a aqueles concellos, e sábeno moi ben vostedes que son concelleiros ou alcaldes en moitos concellos, que teñen dificultades, e grazas ao POS esas dificultades destes últimos anos foron menores. O DTC é un plan orientado ao investimento, non permite o gasto corrente, nesta ocasión introduciuse ese cambio, e como non permite o gasto corrente vai destinado ao investimento. Agora dígame vostede se ten máis sentido que cando orientamos cara o investimento, invistamos onde hai xente, ou invistamos onde non hai xente, tendo en conta que en concellos menos poboados van 75 euros por investimento, e en concellos máis poboados 5 euros por investimento. Séguelle parecendo unha diferenza escasa?, vale, admitimos, como non pode ser doutro xeito, que a vostede lle pareza iso, pero desde logo está claro que a diferenza é esa, desde logo está claro que a discriminación positiva cara

aos concellos menos poboados da nosa provincia segue existindo, e desde logo está claro que nesta Deputación, a diferenza doutras, onde vostede goberna, o seu partido, é ao lado, non estamos falando nin de Madrid, nin de Europa, nin de Australia, estamos falando de Lugo, onde vostede goberna, o seu Grupo, eses criterios non existen, así que clases de obxectividade, as xustas.

Sr. Regueira Varela

Impresionante, Sr. Presidente, cada un utiliza os datos como quere, as porcentaxes son porcentaxes e aí están, e todos podemos ver a redución de porcentaxes claramente, eu non sei se aos concellos pequenos nos queda ese consello que nos fai tamén o Partido Popular, non en Pequín nin en París, senón no estado español, de encomendarnos á Virxe do Rocío ou a Santa Teresa de Jesús, que ao mellor son os que nos van sacar as castañas do lume, e eu se quere debatemos sobre o Sr. Baltar, sobre o Sr. Fabra, en vez de debater sobre a Deputación da Coruña, se temos que debater sobre a de Lugo, tamén podemos debater sobre a de Ourense, ou sobre a de Castellón, non hai ningún problema, pero os datos son os que son, as reducións son as que son. Eu non sei se o Sr. Ruiz Rivas non fala hoxe porque se collemos o seu concello, a comarca do Barbanza, é curioso, por poñer unha comarca en concreto, por exemplo no Barbanza, Boiro baixa un 26,31%, -non estou falando de diñeiro neto, de porcentaxes-, A Pobra do Caramiñal baixa un 16,94%, Rianxo un 21,67%, e Ribeira un 36,18%, por poñer un exemplo. Pero fala vostede de discriminación positiva en relación coa Coruña, pola poboación. Mire vostede, as subvencións nominativas aprobadas neste mandato para o Concello da Coruña superan os dous millóns de euros, van a 2.220.000 euros, se quere fágolle algún recordo para que refresque a memoria, Plan de competitividade turística 2013, 105.000 euros, actividades culturais ano 2013, 240.000 euros, proxecto Concilia os teus tempos, servizo de canguraxe municipal ano 2013, 80.000 euros, Festival internacional animación dos mundos dixitais, 25.000 euros, financiamento Fórum gastronómico para 2014, 225.000 euros, Proxecto Leonardo da Vinci e mobilidade 15.000 euros, actividade da Orquesta Sinfónica de Galicia, que ten sede nesta cidade, programa de actividades, 1.500.000 euros, actividades e exposicións na Coruña, 30.000 euros. Pero a maiores diso A Coruña tamén conta con servizos que están situados territorialmente aquí, como son o Teatro Colón, a Biblioteca provincial, a Escola de Danza, o Museo Internacional de Ciencia e Tecnoloxía, Centro de Día e Residencia A Milagrosa, Centro Calvo Sotelo, Centro Puga Ramón, Fogar Infantil Emilio Romy. A maiores disto, a Deputación financia todos os anos con 1.500.000 de euros á Orquesta Sinfónica de Galicia, nas súas actividades, como dicía antes, e fixo tamén nos últimos anos un importante investimento en IFECO, que supera nos últimos anos os 8.425.000 euros. Xa lle gustaría a calquera outro concello da provincia ter estes servizos, estas infraestruturas, estas achegas a través de convenios.

Pero mire vostede, se quere falamos de máis cousas, fala vostede dos criterios de discriminación positiva. Eu, perdóeme que lle diga, o custo dos servizos do medio rural, e aquí se os alcaldes do Partido Popular puideran falar, e xa sei que non o van facer, son bastante máis caros á súa prestación que no Concello da Coruña, e non son para árbores, o que pasa que a xente no medio rural vive en núcleos de poboación pequenos, pero hai tamén que prestarlles servizos. E insisto, isto é unha cuestión de coherencia, vostedes o que non poden é defender as

deputacións para o que as defenden e logo aplicar criterios que favorecen xustamente o contrario. E eu xa lle digo, para min, vostede pode dar os datos que queiran, pero eu creo que as cidades, en capacidade económica, non se poden comparar para nada aos pequenos concellos desta provincia ou de calquera outro lado.

E logo é curioso porque, efectivamente, vostede fala do debate que se deu en relación con este tema, e é curioso como as notas do Partido Popular no concello da Coruña ou no Concello de Ferrol, aluden a que os portavoces do BNG neses dous concellos reclaman do Sr. Iván Rivas e do Sr. Xosé Manuel Carril, que defendan os intereses de Ferrol e os intereses da Coruña, que lle queremos roubar os cartos, que non sei que, home, eu reclamo do Partido Popular que os seus alcaldes e concelleiros nos concellos que sofren grandes diminucións, tamén saian en defensa dos intereses deses concellos. Se vostedes reclaman que o Sr. Iván Rivas e o Sr. Carril saian a defender as achegas provinciais a través dese plan destas cidades, home, pídanlle tamén a mesma coherencia aos seus alcaldes, que o alcalde de Cambre, que o alcalde de Arteixo, que o alcalde da Laracha, que o alcalde de Ribeira saian tamén a defender os intereses dos seus cidadáns, sería o xusto e o lóxico, pero isto, ao fin e ao cabo, non é criticarlles a vostedes que fagan un plan, como dicía o Sr. Moreda, fano cos criterios que vostedes queiran, o que non poden unhas veces é dicir estamos aquí porque sen nós pobriños os concellos pequenos, que estamos para darlles servizos, e logo que saquen vostedes un plan que os pobres concellos pequenos son os que saen realmente maltratados do plan. Polo tanto, é unha cuestión de coherencia, porque senón sería unha cuestión de hipocrisía, porque quen fai o contrario do que pensa, xa sabemos como é, entón, ou é unha cousa ou é a outra, pero simplemente é iso, e non temos que enfadarnos ninguén, aquí se vostedes din, pois mira, o Partido Popular considera que agora as cidades da provincia da Coruña son as que teñen que estar mellor tratadas, por isto, por isto, e por isto, díganlo claramente, e despois xa falarán as partes implicadas tamén claramente, pero os criterios están aí e a fotografía é clara, e vostede pode dicir o que queira en números netos, as porcentaxes son as que reflicten mellor a realidade.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Vou continuar a estela da súa intervención, vostede dicía que os criterios que se estaban utilizando agora foran froito dunha moción de censura, é unha afirmación totalmente infundada, pero se fora así, ben o fixemos, porque vinte e cinco anos despois séguense aplicando. Pero seguindo a súa estela, eu direi que estes criterios fanse porque vostede é concelleiro de Ferrol, e beneficia a Ferrol, porque o seu xefe político é alcalde da Coruña e beneficia á Coruña, e porque hai que apuntalar Santiago que está nunha situación de debilidade, e esta é a razón que explica estes criterios, eu non o dixen, porque me gusta ser serio nas miñas intervencións, pero se alguén utiliza a demagogia, eu tamén podo utilizar algunha demagogia, creo que neste caso non é demagogia porque está moito máis fundada esta afirmación que a afirmación que fai vostede, pero en calquera caso, se fose froito dunha moción de censura, tivo unha permanencia no tempo de vinte e cinco anos, mal non se fixo.

Di vostede que se fixeron moitos cambios na Deputación, non se fixo ningún, ningún, o único cambio que se fixo na Deputación con respecto a outras etapas foi cambiar a transparencia por opacidade, nada máis, di “facemos un DTC”, e que?, e

antes non se facía o PCC?, e antes non se facían os plans anticrise?, e non eran plans adicionais ao Plan de obras e servizos?, e non se aplicaban os mesmos criterios que no Plan de obras e servizos?, estanse cambiando os criterios, e eu recoñezo que teñen vostedes a lexitimidade para facelo, teñen a maioría, é un tema político, un tema de oportunidade, vostedes entenden que o deben de facer, e o fan, pero entendemos, e non nos diga que non o vai permitir, porque sería o colmo, entendemos que está mal, porque entendemos que a Deputación debe destinar fundamentalmente o seu esforzo a axudar aos pequenos e medianos municipios.

E vou rematar dicíndolle, mire, sabe vostede por que o POS de Lugo é de 900.000 euros?, porque alí o presidente da Deputación substitúe a un presidente do Partido Popular e vostede substitúe a un Goberno do PSOE e do Bloque presidido por un presidente do Partido Socialista, e herdou unha situación boiante e saneada desde o punto de vista financeiro, e o presidente da Deputación de Lugo herdou unha situación de quebra na Deputación de Lugo. E voulle dicir por que a Deputación de Lugo fai un plan e non o fai para 55 concellos, porque a Xunta de Galicia fai un plan de emprego para eses 55 concellos e marxina ao resto, e a Deputación de Lugo di vou facer un Plan de emprego, como estes xa teñen un Plan de emprego, vou facer un Plan de emprego destinado aos que non teñen Plan de emprego.

En calquera caso, non é este o ámbito onde debemos debater sobre a Deputación de Lugo ou sobre calquera outra Administración pública, porque vostedes teñen representantes na Deputación de Lugo para facer as críticas e os comentarios que consideren oportunos á política que está desenvolvendo o goberno da Deputación.

Eu fíxenlle unha invitación, Sr. Presidente, xa vexo que, coma sempre, non recolle nunca o guante, está afeito, non vai nos xenes, eu ordeno e mando porque teño a maioría, díxenlle, estes criterios levan desde o ano 89 ou 90, non son inmutables, funcionaron ben, sen conflito con ningún concello, pero cambiaron as cousas. O esforzo fiscal o introducín eu, e a min paréceme ben que se modifique á alza, e o tema das parroquias, tamén, porque as parroquias non están na situación que estaban hai vinte e cinco anos, e ao mellor é chegado o momento de compartir a Deputación e pactar outros criterios de distribución dos fondos, porque ao mellor estes xa non corresponden a unha realidade que existía hai vinte e cinco anos. Vostede en lugar de recoller o guante di que son froito dunha moción de censura e fálame da Deputación de Lugo, do que fai e o que deixa de facer, pero estou aquí para falar da Deputación da Coruña, e creo que estas cousas, Sr. Presidente, deberían de facerse non a machamartelo, senón que deberían facerse buscando consenso, e creo que todos somos razoables, todos buscamos o mellor, e creo que podemos entendernos, porque ninguén vai defender unha cousa anormal, e creo que ese é o camiño, pero ben, cada un elixe o camiño que considera máis axeitado. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas. Durante esta lexislatura déronse subvencións nominativas á Coruña por dous millóns de euros, xa, aprobadas por unanimidade, Sr. Regueira, por unanimidade, e claro, A Coruña ten 245.000 habitantes, o que habería que preguntarse é por que, por exemplo, algún Concello como Boiro na pasada

lexislatura, gobernada polo Bloque, con 19.000 habitantes, tiña nominativas por riba dun millón de euros, probablemente aí si que habería que facer unha discriminación, claro eses son datos que tamén están aí. Ou por exemplo, co DTC, que vostede segue falando, o Concello de Mugardos, gobernado polo Bloque, recibe máis cartos cos criterios do DTC que cos criterios do POS, claro, xa, pero é que vostedes teñen once concellos e resulta que algún é dos que máis recibe, pois isto é o que hai, Sr. Regueira, isto é o que hai e os datos que eu lle din son os que se obteñen con simples divisións, divisións, unha táboa, pásolla, prométolle que lla paso ao final do Pleno, hei de pasarlle para que a vexa. Se segue considerando que están discriminados, en fin, é unha opinión que, desde logo, non vai acompañada coa razón.

E a Sinfónica é un servizo que leva aquí moitísimos anos, que todas as corporacións anteriores a apoiaron e neste caso seguímolo facendo, aínda por riba como se produciu unha división, aforramos un pouco de diñeiro con respecto ao que se achegaba noutras lexislaturas, pero creo que é algo que debemos de seguir apoiando, e que vostedes tamén o facían cando estaban.

E o Sr. Moreda, mire, eu son concelleiro de Ferrol pero todos aqueles que me coñecen saben que non hai unha persoa menos localista que este que lles fala, eu dígollo porque vostede non o sabe, probablemente eu nunca faría algunha cousa que fixeron os anteriores presidentes, como vostede, hai algún investimento da Deputación da que se podería falar, mesmo alguén podería dicir, home, o Sr. Moreda doou 12 millóns de euros ao Ministerio na cidade da Coruña, ben, si, paréceme ben, eu non lle vou dicir que o fixo vostede porque era concelleiro na Coruña, pero ben, se vostede utiliza ese tipo de criterios, verá vostede a onde o leva, lle agradezo de todos xeitos..., si, o Museo, toda a obra e todo o que implicou a achega da Deputación, supoño que non sería porque era vostede concelleiro...non, supoño que non sería..., non quero falar de nada, vostede non ten a palabra agora, eu cando vostede fala, eu calo e cando eu falo a ver se aprende a calar. Polo tanto, eu non vou falar e non quero introducir ningún debate, pero eu o que lle digo e que supoño que o Muncyt estará na Coruña non porque vostede fora concelleiro da Coruña, imaxino, eu desde logo ata o de agora non o pensei.

E vólvolle dicir o mesmo, agradézolle que acepte que os criterios son os que son, que efectivamente hai capacidade para cambialos, que os do POS levan moitos anos e como lle dixen, para o ano 15, porque os deste ano xa foron aprobados no ano anterior, que para o ano 15 probablemente teñamos que introducir algunha variación, fundamentalmente porque legalmente estamos obrigados a introducir a referencia ao custo efectivo, e veremos como se articula ou veremos como se pode levar a cabo, pero estes son os que son, e a discriminación que se fai aos concellos pequenos é a que é e esa si que non admite ningún tipo de contestación, repito, 75 Santiso, 75 A Capela, 5,19 A Coruña, sei que podería ser doutro xeito, pero para cambiala, probablemente vostedes poidan gobernar noutras lexislaturas e cambiarana. Onde gobernan, por certo, nas provincias de alá, na outra esquina de España, non o fan, e claro, dicía o Sr. Moreda, é que en Lugo fan iso porque non teñen capacidade, carai, pois si que teñen capacidade para facer nominativas cos concellos do Partido Socialista, cos do Partido Popular non, dígollo eu, e comprobe.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)
Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as Bases reguladoras do PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o 20 de decembro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 5 do 9 de xaneiro de 2014

Vistas as alegacións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego da Deputación da Coruña, nas que solicita a modificación da cláusula 4 destinada a regular o financiamento do Plan no sentido de aplicar os criterios de reparto do POS

Vistas as alegacións presentadas polo Concello de Carballo, tamén no sentido de solicitar a aplicación dos criterios de reparto que considera o Plan de obras e servizos (POS)

Vistas as alegacións presentadas polo Concello de San Sadurniño, nas que solicita a modificación da cláusula 4 destinada a regular o financiamento do plan no sentido de aplicar os criterios de reparto do POS

Considerando que as bases reguladoras do PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 20 de decembro de 2013 conteñen criterios obxectivos de asignación de fondos entre os concellos destinatarios do plan

DESESTIMAR as alegacións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego da Deputación da Coruña, polo Concello de Carballo e polo Concello de San Sadurniño ás Bases reguladoras do PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o 20 de decembro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 5 de 9 de xaneiro de 2014, porque as bases aprobadas conteñen criterios obxectivos de asignación de fondos entre os concellos destinatarios do plan e recóllense con transparencia nas bases previamente elaboradas no marco da cooperación cos concellos da provincia.”

5.-CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ORZAMENTO DO CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL PARA FINANCIAR O “XI ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Corrixir o erro material detectado no convenio coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para financiar o *“XI Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia”*, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do pasado 26 de decembro, de xeito que o orzamento correcto é o seguinte:

* Revista Ardentía (impresión e maquetación)	3.165,91.-
* Exposición 20 anos de Encontro	3.997,52.-
* Sinalética de sitios e lonas	4.173,33.-
* Sabas	95,14.-
* Carpas e haimas, cadeiras, mesas, palcos, aseos	18.561,40.-
* Navegación, materias fondeo, combustible	1.219,79.-
* Comunicación	3.225,00.-
* Vixilancia nocturna	1.936,00.-
* Organización e loxística (Seguros RC, aluguer transporte, xestoría, mobiliario, traslado material e embarcacións, montaxe e desmontaxe)	15.191,74.-
* Contratación persoal xestión evento	6.174,06.-
* Imprevistos	943,60.-
Total	58.683,49 €”

6.-INFORME-RESUMO DAS ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO SOBRE AS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2011 E PROPOSTA DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO PARA AS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO.- Tomar coñecemento das recomendacións realizadas no informe da Intervención; en particular a conveniencia de que se determine con maior precisión o obxecto subvencionable nas subvencións concedidas para actividades culturais e deportivas, posto que as demais recomendacións relativas a mellor xestión e xustificación das subvencións xa foron incorporadas ás Bases de Execución do Orzamento para o ano 2014, ás convocatorias xerais para este mesmo exercicio e aos modelos de convenio de colaboración cos que se instrumentan as subvencións nominativas

SEGUNDO.- Dándolle cumprimento ao establecido na Base de Execución 60ª do Orzamento para o exercicio 2012, aprobar un novo Plan de auditorías con respecto ás subvencións aboadas no exercicio 2012, que cos parámetros e criterios previstos no apartado 5º do informe da Intervención, quedará do seguinte xeito:

A)Tipos de procedementos:

PRIMEIRO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ORDINARIA

Neste quedarían todos os expedientes nos que se fai necesario manter os trámites de control con dilixencia de comparecencia, análise da contabilidade e, no seu caso, comprobación material do investimento realizado.

E, tal como xa se estableceu na proposta aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2010, cando na conclusión deste expediente se poña de manifesto unha irregularidade que dea lugar a un reintegro total ou parcial e que puido ter sido cometida pola entidade beneficiaria en exercicios anteriores, propónse que o actuario responsábel faga constar esta circunstancia na dilixencia que se estenda con motivo da comparecencia para que, unha vez coñecida polo interventor adxunto e logo do informe emitido por este, a Presidencia poida ditar unha resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a todas as subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non teña producido efectos a prescrición de accións.

SEGUNDO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ABREVIADA.

Todos os demais expedientes, nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da documentación subministrada coa xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención. Nestes supostos, que serán valorados en cada caso polo interventor adxunto, propónse que se incoen con requirimento para que a entidade remita á Intervención o orixinal ou unha copia compulsada dos xustificantes de gasto e o orixinal ou copia compulsada do documento que acredite o pagamento a través dun medio bancario.

Se, á vista da documentación recibida, os actuarios obteñen unha evidencia razoábel de que os fondos públicos foron correctamente aplicados, procederase á comprobación de posíbel existencia doutras subvencións para a mesma finalidade, mediante a comprobación na Base de Datos Nacional de Subvencións e mediante requirimentos enviados aos órganos competentes da Xunta de Galicia e do concello respectivo. Recibida a contestación aos requirimentos, realizarase xa o informe de control financeiro. Agora ben, se das comprobacións documentais realizadas, se pode inducir algunha irregularidade, o actuario responsábel poderá propor a transformación do expediente abreviado en ordinario, para os efectos dun control exhaustivo, con comparecencia e exame dos libros contables da entidade.

B) O universo, criterios de escolla e mostra dos expedientes:

As observacións e, no seu caso, irregularidades ou incumprimentos formais expostos, tamén poñen de manifesto a conveniencia de manter as tarefas de control, cos seguintes parámetros:

➤ UNIVERSO: Establécese como tal os 1.947 expedientes que deron lugar aos pagos realizados á entidades privadas no ano 2012 e que se relacionan no anexo II.

➤ CRITERIOS DA ESCOLLA:

Determinado o universo, propónse para a escolla o establecemento de catro tramos, de acordo co seguinte detalle:

TRAMO	INTERVALO	Nº EXPEDIENTES DO TRAMO	PORCENTAXE DE CONTROL (%)	Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR
1º	1-10	10	50	5
2º	11-110	100	25	25
3º	111-610	500	10	50
4º	611-1947	1337	5	66
TOTAL:				146"

7.-TOMAR COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Tomar coñecemento da aprobación da liquidación do presuposto e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria correspondente ao exercicio 2013.

2.- Remitir copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento do establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

E remitir a información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos presupostos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade presupostaria, e na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.”

8.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2013, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

2º.Dispor que se publique na páxina web da Deputación da documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento e para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público.

3º.Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

9.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2014.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2014 integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	GRUPO - DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
14.1100.0001.0	GRUPO 1A: ORTIGUEIRA	312.740,48
14.1100.0002.0	GRUPO 1B: CARIÑO	152.708,80
14.1100.0003.0	GRUPO 2: MAÑON E AS PONTES	318.631,99
14.1100.0004.0	GRUPO 3: CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	281.804,58
14.1100.0005.0	GRUPO 4: FERROL E NARON	267.857,97
14.1100.0006.0	GRUPO 5: MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	234.671,15
14.1100.0007.0	GRUPO 6: ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA	192.304,32
14.1100.0008.0	GRUPO 7: CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME	279.463,14
14.1100.0009.0	GRUPO 8: IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR	359.006,52
14.1100.0010.0	GRUPO 9: OLEIROS E SADA	400.294,28
14.1100.0011.0	GRUPO 10: CAMBRE E CARRAL	243.991,50
14.1100.0012.0	GRUPO 11: ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS E PADERNE	394.738,07
14.1100.0013.0	GRUPO 12: ARANGA, CESURAS, COIRÓS, CURTIS E OZA	243.867,24
14.1100.0014.0	GRUPO13: BOIMORTO, FRADES, MESÍA, ORDES, OROSO E VILASANTAR	401.257,80

14.1100.0015.0	GRUPO 14: MELIDE SANTISO SOBRADO E TOQUES	362.764,39
14.1100.0016.0	GRUPO 15: ARZÚA, BOQUEIXÓN, O PINO E TOURO	356.262,85
14.1100.0017.0	GRUPO 16: ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO	327.930,17
14.1100.0018.0	GRUPO 17: CARBALLO, CERCEDA E A LARACHA	439.375,77
14.1100.0019.0	GRUPO 18: CABANA, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO E ZAS	432.360,98
14.1100.0020.0	GRUPO 19: CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO	318.900,09
14.1100.0021.0	GRUPO 20: CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	230.594,47
14.1100.0022.0	GRUPO 21: AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	228.638,36
14.1100.0023.0	GRUPO 22: ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	236.892,88
14.1100.0024.0	GRUPO 23: MAZARICOS, MUROS E OUTES	248.673,27
14.1100.0025.0	GRUPO 24: BOIRO, LOUSAME E NOIA	228.326,93
14.1100.0026.0	GRUPO 25: BRION, DODRO, PADRÓN E ROIS	193.061,25
14.1100.0027.0	GRUPO 26: AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA	399.227,28
14.1100.0028.0	GRUPO 27 : BOIRO E RIANXO	221.558,32
14.1100.0029.0	GRUPO 28: A POBRA, PORTO DO SON E RIBEIRA	223.403,76
14.1100.0030.0	GRUPO 29: DP 0509 REDE VIARIA DO POLÍGONO DE SABÓN	78.824,25
14.1100.0031.0	GRUPO 31: DP 0701 SANTIAGO A PORTOMOURO	175.188,34
14.1100.0032.0	GRUPO 34: DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO	220.570,74
14.1100.0033.0	GRUPO 35: DP 2904 CORISTANCO A SANTA COMBA	376.936,36
14.1100.0034.0	GRUPO 36: DP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	230.840,88
TOTAL		9.613.669,18

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/453A/61900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014”.

10.-APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DA OMISIÓN CONTIDA NO CLAUSULADO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA PARA FINANCIAR O PROXECTO DA PISTA DE XEO, APROBADO POLO PLENO DO 26-12-2013, NO QUE POR ERRO MATERIAL DE TRANSCRICIÓN NA CERTIFICACIÓN DO DITAME ACORDADO NA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTO EXTRAORDINARIA E URGENTE, CELEBRADA O 20-12-2013, NON FORON REPRODUCIDAS AS CLÁUSULAS XI (PARCIALMENTE, XII, XIII E XIV).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Emendar a omisión contida no clausulado do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e A ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE PISTA DE XEO, aprobado polo Pleno do 26-12-2013, no que por erro material de transcripción na certificación do ditame acordado na Comisión Informativa de Contratación, Patrimonio e Equipamento extraordinaria e urgente, celebrada o 20-12-2013, non foron reproducidas as cláusulas XI (parcialmente), XII, XIII e XIV., e cuxo texto íntegro é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE PISTA DE XEO

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. Antonio Miranda Blanco, en representación da entidade ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA

EXPOÑEN

1.-Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA CIF G15045594 consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados co comercio e actividades empresariais, de maneira que poida contribuír non só á divulgación das actividades citadas, senón tamén a promover a relación de estudos encamiñados á promoción e fomento do comercio na provincia e atraer clientes e difelizar os existentes

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique publicidade, promoción e información sobre a promoción das actividades comerciais.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA CIF G 15045594, para financiar o proxecto de “*PISTA DE XEO*”

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ORZAMENTO	
CONCEPTO	IMPORTE
ANIMACIÓN NAS RÚAS	1.210,00 €
CONTACONTOS	300,00€
LUDOTECA	2.000,00 €
PUBLICIDADE	3.000,00 €
PRESUPOSTO PISTA DE XEO	45.375,00 €
TOTAL	51.885,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 57,82 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 57,82 da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/433A/481

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle á ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do

orçamento para o dito ano e a que existe neste dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DE RIVEIRA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACION EMPRESARIOS DE RIVEIRA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegará con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados comprendidos entre o 18/12/2013 ao 12/01/2014 no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula

SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentase a xustificación correspondente.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben ou equipamento dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE

RIVEIRA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 18 de decembro de 2013 ata o 12 de xaneiro de 2014 do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril do ano 2014**, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2014.

2. Para o caso de que ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo do 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de de

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACION DE
EMPRESARIOS DE RIVEIRA

Diego Calvo Pouso

Antonio Miranda Blanco”

11-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DO EDIFICIO DENOMINADO CINE ELMA NA POBRA DO CARAMIÑAL E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE TITULARIDADE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio denominado Cine Elma propiedade desta Deputación sito na Pobra do Caramiñal quedando cualificado como ben patrimonial.

B) Aprobar definitivamente o expediente de cesión de titularidade. As condicións de cesión son as seguintes:

1. Que o edificio Cine Elma se dedique a actividades de cine, teatro, conferencias, exposicións e calquera outra actividade cultural compatible coa súa natureza, durante o prazo indicado no seguinte apartado.

2. Que non se poida desafectar nin allear nun prazo mínimo de 30 anos.

3. O Concello da Pobra do Caramiñal facilitaralle á Deputación o uso gratuíto do inmovible ata un máximo de 15 días ao ano nas datas que se fixen de mutuo acordo entre ambas as dúas institucións e durante o prazo establecido no apartado primeiro.

En caso de incumprimento de calquera das condicións, o citado ben reverterá á Deputación con todas as súas pertenzas e accesións.

4. Rectificar no Inventario de Bens da Deputación a situación xurídica e patrimonial deste inmovible.”

12.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño 2014-2015 coa achega provincial indicada na cláusula cuarta.

2.-Facultar o presidente para a execución do presente acordo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO (MALPICA DE BERGANTIÑOS)

A Coruña, na sede da Deputación provincial da Coruña, de de 2014

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación provincial da Coruña e

Doutro Don Eduardo José Parga Veiga ALCALDE-PRESIDENTE do Concello de Malpica de Bergantiños

E X P O Ñ E N

1º.- A Deputación Provincial da Coruña adquiriu e rehabilitou o conxunto etnográfico do Forno do Forte e o seu quinteiro, grupo de casas anexas do século XIX, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do Ecomuseo: reconstruír a vida cotiá de tempos non afastados, das xentes labregas e oleiras que fixeron de Buño un centro emblemático da produción artesá de Galicia, da provincia e de Bergantiños.

2º.- O concello de Malpica de Bergantiños desde o ano 2006 leva colaborando coa Deputación Provincial da Coruña na xestión do Ecomuseo do Forno do Forte, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, cos inmateriais, especialmente, a tradición oleira local e as novas formas de produción. O obxectivo último foi facer do espectador un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura popular como recurso e reclamo turístico.

3º.- O Concello de Malpica de Bergantiños durante estes anos, cumpriu coas obrigacións que se estipularon nos respectivos convenios de colaboración subscritos nos anos 2006 e 2010 e que se referencian a continuación:

1.- Manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmovible como os bens incluídos nel

2.- Facilitar a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións que albergue este polo público, colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitor ou similares

3.- Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo en especial a olería de Buño.

4.- Compilación do patrimonio etnográfico da zona, especialmente agrícola, oleira e histórica.

5.- Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.

6.- A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona.

7.- Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, ceceduras tradicionais, gastronomía da zona, actividades agrarias, etc, en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

8.- Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.

9.- A xestión da taberna como servizos aos visitantes debe incidir nunha oferta baseada nos produtos tradicionais da zona, mantendo o encanto e ambiente do seu contexto, atendido por profesionais cualificados.

10.- O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obrigaón de facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

4º.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto etnográfico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña lle encomenda ao Concello de Malpica, a xestión integral do ecomuseo de FORNO DO FORTE DE BUÑO.

SEGUNDA: OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

A xestión integral do ecomuseo FORNO DO FORTE DE BUÑO implicará as seguintes obrigacións por parte do Concello de Malpica de Bergantiños:

1.- Atención a visitantes:

- * Facilitar a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións que albergue este polo público, colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitor ou similares.

- * Facilitar aos visitantes folletos e/ou documentación informativa sobre o ecomuseo de FORNO DO FORTE e sobre o municipio de Malpica de Bergantiños.

- * Facilitar información turística e cultural sobre a Costa da Morte, posibilitando aos visitantes a consulta dos devanditos datos por medios informáticos.

- * Controlar o adecuado tránsito polo inmovible.

- * Elaborar unha estatística de visitas.

O persoal adscrito deberá atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.

- 2.- Conservación e mantemento: O Concello de Malpica de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmovible como os bens incluídos nel, non se poderán realizar obras no inmovible.
En tanto estea vixente a xestión integral do ecomuseo de FORNO DO FORTE DE BUÑO, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica correrán a cargo do Concello de Malpica de Bergantiños.
- 3.- Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo en especial a olería de Buño.
- 4.- Compilación do patrimonio etnográfico da zona, especialmente agrícola, oleira e histórica.
- 5.- Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.
- 6.- A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona.
- 7.- Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, ceceduras tradicionais, gastronomía da zona, actividades agrarias, etc, en relación con colectivos culturais e educativos da zona.
- 8.- Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.
- 9.- A xestión da taberna como servizos aos visitantes debe incidir nunha oferta baseada nos produtos tradicionais da zona, mantendo o encanto e ambiente do seu contexto, atendido por profesionais cualificados.
- 10.- O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obriga de facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSOAL E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto de contratos do sector público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá a creación de relación laboral ningunha coa Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

Días: todos os días da semana, incluídos domingos e festivos. Fóra dos luns que permanecerá cerrado

Horario: De 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 horas.

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

- 1.- A Deputación Provincial da Coruña aboará o 100% dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 60.000,00 € durante a anualidade de 2014, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/334D/22699
- 2.- Polo que respecta á anualidade correspondente ao exercicio de 2015 a Deputación Provincial da Coruña aboará o 100% dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 60.000,000 € co incremento do IPC correspondente, aplicado sobre o importe da anualidade inmediatamente anterior. En todo caso

quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente para responder ás obrigacións derivadas do presente convenio.

3.- No entanto se a Deputación adxudicase no ano 2014 un contrato de xestión do patrimonio que inclúa a xestión do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño, con efectos do 01.01.2015, quedará sen efecto o presente convenio e en consecuencia a Deputación non realizará ningunha achega.

4.- No caso de que os gastos xustificandos non cubertos con ingresos da actividade, fosen superiores, a achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na presente cláusula

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación provincial aboará ao Concello de Malpica de Bergantiños a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

Efectuaranse 4 pagos trimestrais, polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. secretario co Vº e pr. do alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños. Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Malpica deberá presentar a certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación Provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.

O importe da achega da Deputación Provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN DA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación provincial, o Servizo de Patrimonio por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Deputación Provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar as actividades que estime oportunas.

DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

O incumprimento das cláusulas do convenio.

A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.

A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

OITAVA: VIXENCIA

O presente convenio terá unha vixencia de dous anos, que comezarán a contar a partir do 01 de xaneiro de 2014 e finalizará o 31 de decembro do ano 2015. O devandito prazo será improrrogable.

Todo iso sen prexuízo do establecido no apartado 3º da cláusula cuarta do presente convenio.

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día de de dous mil catorce

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO
PROVINCIAL CONCELLO DE MALPICA DE
BERGANTIÑOS

Diego Calvo Pouso

Eduardo José Parga Veiga”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

A primeira moción é a que facía referencia a declaración institucional, polo tanto dámola por retirada e debatemos a segunda moción do Grupo Socialista.

-MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A RECUPERACIÓN DO ESPAZO DA ANTIGA VÍA DO TREN E CREACIÓN DA SENDA VERDE.

INTERVENCÍONS

Sra. Rodríguez Rumbo

Grazas, Sr. Presidente, bos días a todos e a todas. O Grupo Provincial Socialista presentamos unha moción para a recuperación das antigas vías do tren e a creación dunha senda verde. Como vostedes ben saben en España hai máis de dous mil quilómetros de infraestruturas ferroviarias en desuso e que foron reconvertidas no seu día en itinerarios cicloturistas e sendeiristas dentro dun marco de programa vías verdes e está coordinado pola Fundación de ferrocarrís españois. A gran vantaxe que supón este tipo de vías é a súa accesibilidade universal e a comodidade, posto que o seu trazado son trazados suaves e que permiten non soamente practicar deporte e sendeirismo ao aire libre, senón tamén para aquelas persoas que teñan a súa mobilidade reducida.

A día de hoxe presentamos simplemente unha vía verde que levaría un trazado polos concellos de Santiago, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda, e quedaría aquí posto que hai un estudo presentado no seu día pola empresa Tragsa a ADIF no que incluía soamente estes concellos, pero o trazado natural desta vía pasaría polos concellos de Arteixo, Culleredo, e remataría na Coruña, polo tanto entendemos que máis adiante se isto é frutífero, que se poderían engadir estes últimos concellos. E sen máis, vou dar lectura ao contido da moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As vías verdes constitúen un instrumento ideal para promover na nosa cidadanía unha cultura nova de ocio e deporte ao aire libre, de mobilidade ecolóxica, xa que representan un claro apoio á cultura da bicicleta, facilitando o goce, tamén das persoas con problemas de mobilidade.

A Vía Verde Santiago-Oroso-Ordes-Tordoia-Cerceda tería unha lonxitude total duns 36,9 quilómetros aproximadamente, pasando por lugares de gran valor paisaxístico.

Para conseguir este obxectivo, o que se pretende é recuperar as zonas verdes degradadas, dotar a senda de servizos ao longo do seu percorrido e incorporar aquelas estacións en desuso para a súa posta en valor e aproveitamento pola cidadanía.

Por todo iso, o que se propón como acordo desta Deputación provincial é:

- 1.A Deputación da Coruña, xunto cos concellos de Santiago, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda, iniciará negociacións con ADIF para saber se é posible a cesión das estacións e inmobles que se atopan ao longo do trazado da senda verde.
- 2.Neste proxecto buscarase a colaboración da Fundación do Ferrocarril, da Consellería de Medio Ambiente e do Ministerio de Fomento.

3.A Deputación estudará posibles fórmulas de colaboración cos concellos de Santiago, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda para a posta en marcha e mantemento desta senda verde.

Como último quería apuntar que nos concellos de Oroso e Ordes foron aprobadas estas mocións por unanimidade, en Santiago non se permitiu o seu debate, na Mancomunidade de Ordes aprobouse tamén por unanimidade e en Tordoia e Cerceda serán presentados proximamente nos vindeiros plenos. Grazas.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, bos días a todas e todas. Simplemente dicir que unha das, creo que, misións importantes de todas as administracións e non deixar que o seu rico patrimonio, moitas veces infrautilizado, se vaia perdendo, e isto precisamente vén incidir en proxectos que desde o Goberno do Estado estanse levando a cabo para potenciar o que son diversas infraestruturas, infraestruturas como os faros, infraestruturas como o que foron antigos servizos de ferrocarril, etc., etc, para que non se perda ese rico patrimonio cultural por unha parte, e á vez para que poida servirlle a toda a cidadanía para outros fins diferentes aos que no seu momento foron creados. Por iso, nós cremos que todo o que sexa incidir nese traballo das vías verdes, e todo o que sexa incidir en recuperar para a cidadanía neste caso, para actividades lúdicas, que como ben se dixo aquí, son universais e accesibles polo recorrido que teñen precisamente estas infraestruturas, nós vemos moi conveniente apoiala, apoialas porque sinceramente é unha forma de traballar, como dicía, nese dobre sentido, que non se perda e darlle un verdadeiro contido actual a esas infraestruturas. O único inconveniente, e así fixémosllo saber ao Grupo propoñente que víamos, era que quizais na súa redacción, que non na súa intención, parecía que empezábamos un pouco a casa pola ventá, é dicir, pedindo unha colaboración para un inicio e para un mantemento dun proxecto para o que nin tan sequera nestes momentos hai viabilidade. Nós o que pretendemos a través dunha emenda, neste caso in voce, é que se vostedes teñen a intención de aprobalo pasariámoslla directamente ao Sr. secretario para que a puidera incluír perfectamente, pensamos que debemos de empezar un pouco o traballo ao revés, e o traballo será involucrar a esta Deputación no que co seu apoio a cesión destas infraestruturas nestes momentos do ADIF, e que se ven o proxecto viable e hai estas cesións, evidentemente, pedir a implicación doutras administracións, como aquí se dixo, que podería ser a Consellería de Medio Ambiente, o propio Ministerio de Fomento e a Fundación do Ferrocarril, e por último unha vez que todo isto estea en marcha é evidente que a Deputación debía de estudar as fórmulas de colaboración con todos estes concellos para a posta en marcha e posterior mantemento desas infraestruturas, iso o traducimos en tres puntos, que pasaría a ler e que serían a nosa achega ao que realmente é un traballo e unha proposta súa.

O primeiro que a Deputación da Coruña xunto cos concellos de Santiago, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda, iniciarán negociacións co ADIF para saber se é posible a cesión das estacións e inmobles que se atopan ao longo do trazado da senda verde.

Segundo, neste proxecto buscarase a colaboración da Fundación do Ferrocarril, da Consellería de Medio Ambiente e do Ministerio de Fomento e, por

último punto 3, a Deputación estudará as posibles fórmulas de colaboración cos concellos de Santiago, Ordes, Oroso Tordoia e Cerceda para a posta marcha e mantemento desta senda verde. Sen máis, esperando a súa resposta, a súa aceptación, porque vai co ánimo construtivo e positivo, non teño moito máis que engadir. Moitas grazas.

Sra. Rodríguez Rumbo

Non sei se se deu conta o Sr. Rivas que realmente cando din lectura ao texto íntegro da moción, xa introducín os cambios que faláramos anteriormente, como todos os Grupos estábamos de acordo xa a lectura xa foi dada nese sentido.

Sr. Ruiz Rivas

Simplemente que ten que perdoar.

Sra. Rodríguez Rumbo

En calquera caso creo que é algo que nos facilita o investimento nos nosos concellos e agradecer o seu voto a favor tanto dun Grupo como doutro.

Por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

“MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A RECUPERACIÓN DO ESPAZO DA ANTIGA VÍA DO TREN E CREACIÓN DA SENDA VERDE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As vías verdes constitúen un instrumento ideal para promover na nosa cidadanía unha cultura nova de ocio e deporte ao aire libre, de mobilidade ecolóxica, xa que representan un claro apoio á cultura da bicicleta, facilitando o goce, tamén das persoas con problemas de mobilidade.

A Vía Verde Santiago-Oroso-Ordes-Tordoia-Cerceda tería unha lonxitude total duns 36,9 quilómetros aproximadamente, pasando por lugares de gran valor paisaxístico.

Para conseguir este obxectivo, o que se pretende é recuperar as zonas verdes degradadas, dotar a senda de servizos ao longo do seu percorrido e incorporar aquelas estacións en desuso para a súa posta en valor e aproveitamento pola cidadanía.

ACORDO

1.A Deputación da Coruña, xunto cos concellos de Santiago, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda, iniciará negociacións con ADIF para saber se é posible a cesión das estacións e inmobles que se atopan ao longo do trazado da senda verde.

2.Neste proxecto buscarase a colaboración da Fundación do Ferrocarril, da Consellería de Medio Ambiente e do Ministerio de Fomento.

3.A Deputación estudará posibles fórmulas de colaboración cos concellos de Santiago, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda para a posta en marcha e mantemento desta senda verde.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Requeira Varela

Nos meses de aí atrás, véusenos pedindo por parte do sector empresarial de turismo da Costa da Morte o apoio a creación dun ente xestor no territorio, co que en principio nós estamos de acordo, en todo caso hai cuestións que quería saber.

No seu momento, a través do Plan de dinamización do produto turístico Costa da Morte, a documentación que está á súa disposición no Servizo de Promoción Económica desta administración, fixérase un estudo cuantificable, económico, de xestión, do que debería de ser o futuro ente xestor de turismo dese xeodestino, que incluía a participación da Deputación e da Xunta de Galicia, logo a Xunta de Galicia co cambio de goberno decide non apostar por ese tipo de entes e a Deputación tamén acabou descolgándose. O que se nos propón agora é un ente xestor participado polos concellos do territorio e polo sector privado, e eu o que quería saber é se a Deputación está xogando algún papel na confección dese ente xestor e se non se pode reformular a participación directa desta Administración no propio ente, porque nestes momentos non está contemplado nin a participación da Xunta, nin a participación da Deputación.

Sr. Presidente

Aínda que quede algunha cousa, que despois poderémolle adiantar na Comisión, o que se estaba facendo no caso da Costa da Morte é o mesmo que noutros xeodestinos, a verdade é que nese ámbito de actuación, igual que noutros, había tradicionalmente accións que non estaban coordinadas entre as distintas administracións, por un lado a Xunta de Galicia facía a súa promoción, a Deputación facía a súa e os concellos establecían tamén a súa. A raíz da aprobación por parte da Xunta de Galicia da determinación de todo o territorio en xeodestinos consideramos que era importante empezar a traballar coordinadas todas as administracións, porque con menos cartos poderíanse conseguir moitos mellores efectos, e a proposta da Deputación, nese caso concreto da Costa da Morte, igual que noutros casos que pasaron por aquí ou que quixeron falar, é que, ao mesmo tempo que a Xunta de Galicia, mostrámonos voluntarios para intentar constituír un ente xestor, como di vostede, nesa zona, nese xeodestino, do que agrupen eses concellos que forman parte do xeodestino, nos que ten que ter fundamentalmente implicación a iniciativa privada, se a iniciativa privada non entra non ten sentido, teñen que estar metidos, teñen que saír deles tamén as propostas, e traballar nas propostas que se acorden aí, indubidablemente, xunto coa iniciativa privada, é fundamental que estean tamén os concellos nos que se asenta o xeodestino, e o compromiso da Xunta de Galicia e da

Deputación, dito pola anterior secretaria xeral de Turismo, pola actual directora da Axencia de Turismo, e tamén por parte deste presidente, tamén a través, no caso da Costa da Morte, a través da nosa deputada e alcaldesa de Cee, e que nós comprometiámonos, había unha certa reticencia por parte dos concellos, a que loxicamente o que máis puxera no orzamento desa entidade ía ser o que controlase a entidade, e nós o que lle explicamos a todos os concellos é que nós non queremos controlar nin ter ningunha entidade, o que nos comprometemos é a todos os anos facer unha dotación económica a esa figura que se cree para orientar as políticas turísticas, pero non queremos ter un voto máis aló loxicamente dos controis financeiros que se establecen en calquera tipo de colaboración, pero que ten que ser o propio territorio os que determinen, os concellos, loxicamente, porque eles son os implicados, xunto coa iniciativa privada, os que determinen que é o que hai que facer e como se leva a cabo. Nós unicamente queríamos poñer medios a disposición dos propios concellos, da propia iniciativa privada e é un compromiso que temos asumido, tanto a Xunta de Galicia como a Deputación, axudar a eses organismos que se vaian creando. É certo que hai unha discusión de cal é a mellor fórmula, pero iso tamén hai varias posibilidades e niso estase traballando. Se necesita máis información, podemosla subministrar.

Sra. Seixas Naia

Bo día a todos e a todas. Teño unha pregunta respecto das accións formativas da Rede Xiana II, en concreto nas zonas de actuación 7 e 8 sei que houbo, que se presentou por Rexistro un escrito o día 7 de xaneiro, asinado polos alumnos das zonas de actuación, dando conta dunha serie de problemas de coordinación, de diálogo, dunha serie de eivas nesas accións formativas, sabemos tamén que houbo unha reunión nestes días a que asistiron representantes desta Deputación, e gustaríanos saber cales van ser as medidas que se adopten e o que se tratou nesa reunión. Grazas.

Sr. Presidente

Sei que entrou esa carta porque tiveron a posibilidade de lela e paseilla ao Servizo de Formación, e non sei se xa teñen avanzado, pero na seguinte Comisión darémolles cumprida información desa xuntanza, que eu non sabía que se producira, e das consecuencias que se deriven, que tampouco sei cal é a situación concreta.

Sr. Muíños Sánchez

No pasado mes de novembro fixen unha pregunta neste mesmo Pleno, transmitindo unha inquedanza dunha serie de veciños do Concello de Porto do Son, en concreto polas obras que se estaban realizando na estrada 7103 de Laranga a Oliveira, contestouse desde a Comisión, mais os problemas persisten, volveu entrar algún escrito, que imaxino que xa tamén teñen constancia, nesta Deputación, senón tamén podemoslo trasladar, da Asociación de Veciños Tahume e Comunidade de Montes de San Pedro de Muro, buscando que haxa unha interlocución directa cos técnicos da Deputación, e mesmo deputados da zona, para unha obra que en principio é ben intencionada, debería de ser ben recibida por todos, está a xerar problemas e sobre todo algún aspecto relacionado coa seguridade viaria ou a posibilidade futura de desenvolvemento dunha senda peonil que, coas obras e a

marcha actual, non vai ser posible. Entón, facer o rogo de ser posible que haxa ese encontro coa veciñanza, encontro directo, máis alá das xuntanzas que poidan ter cos empregados da empresa ou mesmo tamén mesmo do concello que terán unha información parcial. Entón, se é posible que se desprace algún responsable, técnicos da Deputación, se non o fixeron desde a data de recepción deste escrito, que é o 20 de decembro.

Sr. Presidente

Recíbíronse eses escritos, é certo, pasáronse ao departamento de Vías e Obras, e que eu saiba contestáronlle todos os escritos, é certo que tamén se ten un contacto diario, non sei se diario, pero constante, co concello, para ver en que medida se poden atender esas reclamacións que fai esa Asociación de Veciños, pero se non se tivo a reunión, non hai ningún problema en tela.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.